

RG-814/10

RG-223/1



~~DIAZ~~

ADIANTE

ANO III

OUTONO DO 1956

Nº 5

editorial

O "ADIANTE" tiña deixado de saíre. Hoxe está de volta na rua, coidamos pra sempre. Sái a mimeógrafo, dun xeito modesto, mais non importa. Será unha nova voz dos mozos libres de compromisos que, dirá as verdades galegas sin adornos nin cobardías.

"ADIANTE" non será un periódico político, será un periódico de aición patriótica. Non importa como pensen os galegos políticamente, sempre que miren de cara a Galicia e o pobo.

Seremos intransixentes coos que chamándose patriotas galegos incúrran en claudicaciós ou nun gallegismo de eisibición, de escaparate.

Seremos tolerantes coos que non nos comprenden por descoñeceren os problemas, que nos obrigan a tomar posiciós de avangarda. Estos problemas trataremos de mostralos a todos os nosos compatriotas pra eisí conqueriremos unha real comprensión e unha maior unión.

Loitaremos sen trégola pola liberdade individual e coleitiva dos galegos que, como homes e como pobo diferenciado nos corresponde.

E loitaremos tamén contra os fanatismos, por seren nemigos da razón, da intelixencia e do bon entendimento antre os homes e os pobos.

A nosa posición e posición de afirmación non de negociación. Nós non somos "anti" nada. Somos simpremente mozos galegos que amamos a nosa Terra por enriba de calquer outra.

En fin. Somos como xadixemos mozos libres de compromisos que, buscamos a solución-galega dos nosos problemas.





HON FORON AFETAS...

Dende que Fermín chegou á
aldea, dampaos de botar novo e irmao máis novo - a ostedes
anos na América, e non se
decia, e non se

noticiero da América

Buenos Aires

Na segunda quincena do mes de xullo, reaizouse en Buenos Aires o PRIMEIRO CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA. Asistiron delegaciós de case que todo o Continente Americano. Destacadas figuras da galeguidade, estiveron presentes neste acontecemento. Xusto é citar os nomes de: Dr. Xerardo Alvarez Gallego, de Cuba; Dr. Ramón Suárez Picallo, de Chile; D. Xosé Velo Mosquera, de Venezuela; Dr. Emilio Gonzalez, dos EEUU; Dr. Lois Tobío, do Uruguay; Srs. Marcial Fernández, Francisco Comesaña e Roxelio R. de Bretaña, de México; ademais dos persoeiros galeguistas radicados na Arxentina. Presentaronse moitas poñencias, cuias concrusiones serán publicadas nun libro, no cal estáse a traballar.

**-*--

No Círculo da Prensa desta cidade, fundouse a agrupación A.G.U.E.A. (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), a cal se propón difundir e encarar a nosa cultura.

A primeira laboura desta nova entidade, foi instituir cunhos de Hestoria, Xeografía e Literatura galegas, que esperaron moito intrés. Sendo ditadas na nosa fala por outras persoalidades da Emigración á do Eílio.

**-*--

O 17 de Agosto-data aniversario en que foi asasinado Alexandre Bóveda-, reaizaronse dous actos na coleirividade; na Federación de Sociedades Galegas e no Centro Ourensan, éste organizado pola Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas pra a conmemoración das datas patrióticas.

**-*--

O día 27 do mes pasado reaizouse un acto de homaxe a Chile, auspiciado polo Instituto de Bizantinoxia de Buenos Aires. Falaron destacadas personalidades arxentinas e recibiron numerosas adhesións de xentes e entidades que, coma nós, creen no dereito dos pobos a decidir libremente os seus destinos.

**-*--

Véñense reaizando con toda normalidade e premura as labouras encamiñadas a crear a Oficina de Información dependente da Mesa do 1º CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA reaizado derradeiramente nesta cidade.

**-*--

difunde o "adiante"

NON FORON AFEITAS....

Dende que Fermín chegou á aldea, dempois de botar nove anos na América, ninguén o coñecía, a non ser pol-a feitura do nariz e pol-o seu camiñar un pouco trencio. Vestía sempre traxe branco, fumaba xarutos, e pra expresarse ceibaba un castrapo, que abofellas daba noxo, (sempre da noxo o "castejano" que usan cangalegos que voltan da América)

Cando ía a unha romaría, e tiña gana festa, pedialles aos músicos tocatas estranxeiras, que eles descoñecian. Espriocabillas o seu xeito. Decialles que eso da "moiféira" e da "gota" xa non se usa; que no mundo "sevelisado" bailanxe ritmos "evolucionados!"

E na casa? Aquelo si que era pabero. Poñía luvas pra carvar no esterco; quería facer un cabaceiro de ferro; trataba de "che" as galinhas. ac can e a can to ser vivente se lle puxera ao lado: dende o abó até as carrachas. O "código sosial" de Fermín era cousa nunca vista. E facía todo con tanta ceremonia, con tanta "aquelar" de home ilustrado, que os irmos sentianse cativos nos primeiros días, ao pe do "indiano", por que dempois cando se decataron das parvadas del, apillaban boas fartas de risa.

Proxe Fermín! El quería istruiños, e non lle facían o que se dí nin gota de caso. Que falla de comprensión!

-Vea amigaso -decíalle un dia o irmao máis novo- a ostedes lle s fai falta mundo pra sevelisarse.

-Comame un demo se non é mellor quedarse eixuí -respondeu lhe o Xequín. Pra vultar coma tí, vel más non sair da aldea. Ainda non sabes o noxo que das co-eße xeito.

Seguía a incomprendisión.

Quen non se metía co-el era o pai. Mais, tamén lle chegou a hora. Un día, foron restrebar os dous. Fermín guiaba o arado, e o tío Antón chiamaba as vacas. Unha delas arredouse un pouco, e o "americano" dandolle co-a aguillada, berrou:

-Vaite mariela p' al rieeeejo!

Parouse o tío Antón, e mentras acomodaba a pucha, dixolfe o fillo

*Fermín...Non lle fales castelán as vacas, que non foron afeitas a escoitalo.-

Fallas do 36



-Por que non te contentas co-o estatuto

-Pois, porque non está "tuto"

AGRUPACION

Con motivo de celebrarse en Buenos Aires o 1º CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA, tivemos a oportunidade de celebrarenos importantes xuntanzas co-los destacadous dirixentes das Mocedades Galeguistas da Terra; irmaos Xosé Velo e Xoelio R. de Bretaña. Estes irmaos atopanse hoxe endía eisilados un na Venezuela e outro en México. A raiz de tales xuntanzas tomíronse varios acordos que, coidos, poden infruir de xeito principal no noso rexurdir nacional.

O dia dous de setembro cumpriron as "Mocedades Galeguistas" tres anos de vida. Con tal motivo celebrouse na nosa segredaría unha xuntanza de caráter intimo

O Consello Direitivo da entidade, atópase xa traballando pra o celebramento do 50 cabodano da morte do gran poeta, Lamas Carvajal.

DEFUNCION

O dia 18 de Setembro deixou de existir nesta cidade o vello loitador galego e escultor, Domingo Maza. Por medio destas lñas espresamos o noso profundo pesar pola desaparición dun dos precursores do actual galeguismo en Buenos Aires.

patriona, o afiliarse as "Mocedades Galeguistas"

LIVROS

NA BRETEMA; SANT-IAGO. Este é o tíduo do novo libro de Lois Seoane. Un libro cuidadosamente editado por "Botella al Mar"; no cal se palpa a saudade que o pintor e xa poeta de prestixio, sinto pola nosa patria.

Des grabados en metal complementan os poemas, formando un todo armónico en completo acorde coa sua personalidade.

D. ANTON ALONSO RIOS acaba de editar, Amore, Arte e Misticismo; libro en prosa de profundo contenido filosófico que, editado as Mocedades Galeguistas de América.

MEMORIAS DE TAINS; novo libro que nos chega da Terra escrita por Gonzalo R. Mourullo. Este libro de sinxelas narracións, é-nos particularmente agradable, por sere o autor un mozo como nós que está demostrando que a nosa nova xeneración sigue os vellos principios que fixeron da nosa patria unha celula de universalidade.

mozos galegos!
é un deber de los
afiliarse as "Mocedades
Galeguistas"